MotoLyrics.com
Biggest, regularly updated and free lyrics database

# Mägo De Oz
# "Conxuro"

Visit "Conxuro" on MotoLyrics.com

Mouchos, coruxas, sapos e bruxas.
Demos, trasnos e dianhos, espritos das nevoadas veigas.
Corvos, pintigas e meigas, feitizos das mencinheiras.
Pobres canhotas furadas, fogar dos vermes e alimanhas.
Lume das Santas Companhas, mal de ollo, negros meigallos,
heiro dos mortos, tronos e raios.
Oubeo do can, pregon da morte, foucinho do satiro e pe do
coello.
Pecadora lingua da mala muller casada cun home vello.
Averno de Satan e Belcebu, lume dos cadavres ardentes,
corpos mutilados dos indecentes, peidos dos infernales cus,
muxido da mar embravescida. Barriga inutil da muller solteira, falar dos gatos que andan a xaneira, guedella porra
da cabra mal parida.
Con este fol levantarei as chamas deste lume que asemella
ao do inferno, e fuxiran as bruxas acabalo das sas escobas,
indose baar na praia das areas gordas.
Oide, oide! os ruxidos que dan as que non poden deixar de
queimarse no agoardente, quedando asi purificadas.
E cando este brebaxe baixe polas nosas gorxas, quedaremos
libres dos males da nosa ialma e de todo embruxamento.
Forzas do ar, terra, mar e lume, a vos fago esta chamada: si
e verdade que tendes mais poder que a humana xente, eiqui
e agora, facede cos espritos dos amigos que estan fora,
participen con nos desta queimada.

Visit Mägo De Oz page on MotoLyrics.com, to get more lyrics and videos.

MotoLyrics.com | Lyrics, music videos, artist biographies, releases and more.